

se efectúe trala entrada en vigor da citada lei, a fusión nun único rexistro de varias marcas concedidas, o interesado deberá presenta-la solicitude de renovación de acordo co disposto no artigo 26 do regulamento. A solicitude de renovación deberá incluír ademais:

a) Unha mención indicando que se solicita a fusión de varias marcas nun único rexistro.

b) Os números dos rexistros de marca respecto dos que se solicita a fusión.

c) A mención dos produtos e servizos dos rexistros fusionados para os que se solicita a renovación, agrupados segundo a clase a que pertencen da Clasificación Internacional, precedido cada grupo polo número da súa clase e dispostos estes correlativamente seguindo a orde numérica da dita Clasificación. Esta enumeración dos produtos e servizos efectuarase aínda no caso de que a renovación se solicite para tódolos produtos e servizos protexidos polos distintos rexistros fusionados.

2. O procedemento de renovación axustarase ó disposto no artigo 28 do regulamento. Non obstante, a Oficina Española de Patentes e Marcas examinará ademais se a fusión solicitada cumpre os requisitos previstos na disposición transitoria sétima da lei e nesta disposición. Se se observase algún defecto ou reparo, serán notificados ó interesado de acordo co disposto no punto 1 do artigo 28 antes citado.

3. Se os defectos ou reparos relativos á solicitude de fusión non fosen emendados no prazo prescrito, a fusión será denegada. Non obstante, non se denegará a renovación solicitada se esta cumpre os requisitos legalmente previstos respecto dos rexistros para os que se solicitou a fusión. Neste suposto, a Oficina Española de Patentes e Marcas notificaralle ó interesado a denegación da fusión e a concesión da renovación respecto dos rexistros que procedan. Nos expedientes destes rexistros incorporárase unha copia da solicitude de renovación presentada e da resolución adoptada.

4. Cando se conceda a renovación e fusión solicitada, abrírase un novo expediente no que se incorporarán os expedientes dos rexistros fusionados, asignando un novo número ó rexistro fusionado resultante. A Oficina Española de Patentes e Marcas, así mesmo, efectuará as anotacións rexistrais pertinentes, cancelando cada un dos rexistros fusionados, indicando o motivo desta cancelación e o número do expediente en que foron incorporados.

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

14077 *REAL DECRETO 684/2002, do 12 de xullo, sobre regulación do sector do tabaco cru.* («BOE» 169, do 16-7-2002.)

O Regulamento (CEE) 2075/1992 do Consello, do 30 de xuño, polo que se establece a Organización Común de Mercados (OCM) no sector do tabaco cru, establece un réxime de primas, un réxime de control da produción, medidas de orientación da produción, un réxime de intercambios con países terceiros e medidas de control. O Regulamento (CE) 1636/1998 do Consello, do 20 de xullo, reforma substancialmente a organización común de mercados do sector de tabaco cru co fin de

fomenta-la mellora da calidade e o valor da produción comunitaria do sector, garantindo, ó mesmo tempo, o apoio á renda dos produtores. O Regulamento (CE) 546/2002, do 25 de marzo, polo que se fixan, por grupos de variedades e por estados membros, as primas e os limiares de garantía do tabaco en folia para as colleitas de 2002, 2003 e 2004 e se modifica o Regulamento (CEE) 2075/1992, recolle, como unha das modificacións citadas, a posibilidade de creación ou non, por parte de cada estado membro, dunha reserva nacional de cotas, antes obrigatoria.

O Regulamento (CE) 2848/1998 da Comisión, do 22 de decembro, polo que se establecen as disposicións de aplicación do Regulamento (CEE) 2075/1992 do Consello no que respecta ó réxime de primas, ás cotas de produción e á axuda específica que se concede ás agrupacións de produtores no sector do tabaco cru, foi modificado polo Regulamento (CE) 1441/2001 da Comisión, do 16 de xullo, que determina o importe que se lles deberá pagar ós produtores as cotas dos cales se readquiran para a colleita de 2001 e seguintes. Así mesmo, o Regulamento (CE) 486/2002, do 18 de marzo, modifica o citado Regulamento (CE) 2848/1998, no que respecta ó establecemento de determinadas datas límite no sector do tabaco cru para a colleita 2002.

A prima comprende unha parte fixa, unha parte variable e unha axuda específica. A relación entre a parte variable e a prima pode variar segundo os grupos de variedades de tabaco, a colleita e os estados membros de produción. A parte fixa da prima débese pagar a tódolos produtores pola cantidade de tabaco en folia entregada á empresa de primeira transformación, de acordo co contrato celebrado, independentemente da calidade do produto, a condición de que se respecte a calidade mínima. Con obxecto de fomenta-la mellora da calidade e o valor da produción de tabaco, establécese que as agrupacións de produtores paguen a parte variable da prima ós seus membros, comparando no seo da agrupación o prezo de mercado obtido por cada lote entregado por cada produtor individual membro da agrupación.

As agrupacións de produtores reciben a axuda específica equivalente ó 2 por 100 da prima, que se debe utilizar non soamente para realizar correctamente as novas tarefas de xestión que lles incumben, senón tamén para financiar medidas dirixidas a mellora-lo respecto ó ambiente, para o cal se definiron novas condicións para que as agrupacións de produtores poidan ser recoñecidas. Así mesmo, co fin de garantir que se teñan en conta as esixencias de saúde pública e respecto ó ambiente, aumentouse a dotación do Fondo do Tabaco mediante unha retención equivalente ó 2 por 100 da prima para a colleita de 2002 e un 3 por 100 da prima para a colleita de 2003, todo isto consonte o disposto no Regulamento (CE) 546/2002.

Para evitar que se superen os limiares de garantía asignados a España, que fixa o Consello para tres colleitas consecutivas, a distribución das cotas de produción de tabaco entre os produtores será realizada polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, o que permitirá utilizar ó máximo os recursos postos ó dispor dos estados membros cando non se utilicen as cotas dos produtores na data fixada para a súa contratación, e cando non se distribúan inicialmente a totalidade das cotas. Tamén, cando a situación do mercado o requira, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, de conformidade coas comunidades autónomas, poderá propor á Comisión a modificación dos limiares de garantía para unha colleita determinada, mediante a transferencia de cantidades do limiar de garantía dun grupo de variedades a outro, verificándose que non se produza gasto suplementario a cargo do FEOGA. Así mesmo, as

cantidades de limiar aplicables á colleita poden ser superiores ás fixadas para a colleita anterior para determinados grupos de variedades, e inferiores para outros; por tanto, procede que o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación distribúa as cantidades adicionais entre os produtores interesados.

De acordo coa opción concedida ós estados membros polo Regulamento (CE) 546/2002, en canto á creación dunha reserva nacional de cotas, non se considera conveniente mantela na actual conxuntura. A experiencia adquirida na súa aplicación durante as tres colleitas pasadas levou a unha complexidade administrativa superior ás vantaxes que proporciona.

Co fin de mellora-las estruturas da produción, flexibilizouse a transmisión e cesión de cotas de produción entre produtores. Establécese un sistema de readquisición de cotas ó que se poderán acolle-los produtores que desexen abandonar-lo sector e que non encontren comprador para as súas cotas.

Contéplase un procedemento de recoñecemento das empresas de primeira transformación que poden asinar contratos de cultivo, ó participaren estas na determinación do prezo de compra do tabaco entregado e, por tanto, desempeñaren un papel fundamental no cálculo da prima que se lle debe pagar a cada produtor individual.

O Real decreto 604/1999, do 16 de abril, polo que se establecen as normas de regulación do sector do tabaco cru para as colleitas do trienio 1999-2001, complementou as normas comunitarias no sector para tres colleitas consecutivas.

Terminada a vixencia da citada norma, considérase conveniente publicar outra que a substitúa, esta vez de carácter indefinido, tendo en conta, por unha parte, que a existencia daquela se considerou positiva para unha maior comprensión da regulación do sector polos afectados e, por outra, da inseguranza xurídica que produciría neles a ausencia dunha disposición de dereito interno na materia, despois de ter existido unha durante tres anos.

Así, a presente disposición recolle, en gran parte, os contidos do Real decreto 604/1999, que non son outros que os establecidos pola lexislación comunitaria aplicable e dos que se fixo mención nos parágrafos anteriores, incorporando as novidades que veñen determinadas pola lexislación europea aparecida con posterioridade á publicación do citado Real decreto 604/1999, así como sistematizando, por razóns de eficacia, certos aspectos deste último, sobre todo no referente ás asignacións de cota e ás súas posibles modificacións, todo isto sen prexuízo do principio de aplicabilidade directa dos regulamentos comunitarios.

Este real decreto foi consultado en fase de proxecto cos sectores afectados e coas comunidades autónomas.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, logo de informe do Ministerio de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 12 de xullo de 2002,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establece-la normativa básica aplicable no sector do tabaco no que respecta ó réxime de cotas de produción (no sucesivo, cotas), de primas e de axuda específica que se concede ás agrupacións de produtores. Así mesmo, defínense

as condicións que deben reuni-las agrupacións e as empresas de primeira transformación para seren autorizadas.

CAPÍTULO I

Cotas de produción de tabaco

Artigo 2. *Determinación de cotas.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, dentro do límite dos limiares de garantía establecidos de conformidade co número 2 do artigo 9 do Regulamento (CEE) 2075/1992, do Consello, do 30 de xuño, polo que se establece a organización común de mercados no sector do tabaco cru, distribuirá as cotas correspondentes a cada grupo de variedades para tres colleitas consecutivas, ós produtores individuais que non sexan membros dalgunha agrupación e ás agrupacións de produtores, de forma proporcional á media das cantidades entregadas ás empresas de primeira transformación (no sucesivo, entregas) por cada produtor individual ou agrupación de produtores durante os tres anos anteriores ó ano da última colleita (período de referencia) conforme as disposicións do título II do Regulamento (CEE) 2075/1992 e do título V do Regulamento (CE) 2848/1998.

Cando un produtor se incorpore a unha agrupación de produtores ou a abandone, conservará o dereito á súa propia cota.

2. Cando un produtor transmita ou transmítase a súa explotación a outro produtor, total ou parcialmente, incluída a cota dun grupo de variedades, nalgunha das colleitas dun período trienal, tamén se considerarán transmitidas as entregas das colleitas correspondentes á dita cota previas á transmisión, que se acumularán ás do produtor adquirente. Nas transmisións parciais de cota dun grupo de variedades deberase respecta-la proporcionalidade entre a cota e entregas transmitidas en relación á totalidade da cota e entregas do produtor.

3. Cando un produtor individual achegue a proba de que a súa produción foi anormalmente baixa durante unha colleita do seu período de referencia, debido a circunstancias excepcionais, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación determinará, por solicitude do interesado, presentada perante o órgano competente da comunidade autónoma antes do 31 de xullo da colleita seguinte, a cantidade que se terá en consideración nesa colleita para elabora-lo seu certificado de cota. Esta cantidade non poderá ser superior ás cantidades que figuren nos certificados de cota asignados ó produtor para a colleita en cuestión.

O órgano competente da comunidade autónoma correspondente enviará ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, antes do 31 de outubro da colleita seguinte, os datos relativos ás cantidades para recoñecer correspondentes á colleita anterior, en soporte informático que conteña os rexistros deles.

4. Os produtores que aumentasen a súa cota por mor dunha cesión temporal das definidas no artigo 11.2.a) deste real decreto, nunha das colleitas dun período trienal, obterán, cando se distribúan as cotas, unha cota de produción proporcional á media das cantidades entregadas, sen considerar, para efectos de entregas desa colleita, as entregas de produción correspondentes á cesión temporal.

Cando o aumento sexa por mor dunha cesión definitiva das que se definen no artigo 11.2.b) desta disposición, en calquera das colleitas dun período trienal, obterán, cando se distribúan as cotas, unha cota pro-

porcional á media das cantidades entregadas, incluídas para efectos de cantidades entregadas, as entregas de produción correspondentes á cesión definitiva.

5. Dentro de cada período trienal, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación determinará anualmente as cotas correspondentes ós produtores, por grupos de variedades, considerando os movementos de cotas entre produtores aprobados no ano anterior, as posibles modificacións das cotas por reducións legalmente previstas ou por resolucións administrativas ou xudiciais, así como as cantidades procedentes de cotas de produción non utilizadas para a celebración de contratos.

Artigo 3. *Asignacións de cotas.*

1. Os produtores que teñan entregas de tabaco recoñecidas en todas ou nalgunha das colleitas do período de referencia, e que non transmitisen a totalidade das súas cotas antes da data establecida no número seguinte, terán dereito a solicitar, por si ou a través das súas agrupacións, a asignación inicial de cota para cada período trienal, así como a asignación inicial de cotas do período trienal para as colleitas do segundo e terceiro ano do trienio.

2. As solicitudes anuais de asignacións de cotas, dirixidas ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, deberán conter, ó menos, os datos recollidos no anexo 1 e presentaranse, antes do 10 de xaneiro do ano da colleita, ante o órgano competente da comunidade autónoma afectada ou por calquera outra das vías previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. A agrupación de produtores que solicite asignacións de cotas deberá xuntar unha lista nominativa dos seus produtores membros.

3. O órgano competente da comunidade autónoma remitirá ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, nun prazo de quince días naturais contados desde a súa presentación, a correspondente proposta de resolución das solicitudes, xuntando copia do soporte informático que conteña os rexistros dela.

4. Á vista da proposta citada, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación dictará as resolucións a que se refiren os números 5 e 6 do presente artigo e notificarállelas ós interesados, nos termos recollidos nos artigos 58 e 59 da Lei 30/1992.

5. Asignación inicial de cota para cada período trienal: o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co artigo 2 deste real decreto, dictará unha resolución de asignación de cotas no primeiro ano do trienio, por grupo de variedades, para cada período trienal, ás agrupacións de produtores, con indicación das cotas individuais dos seus produtores membros, e ós produtores individuais non afiliados a unha agrupación de produtores, que será debidamente notificada ós interesados. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación fornecerá un soporte informático que conteña a información de cada produtor individual afectado polas resolucións dictadas.

6. Asignación inicial de cota do período trienal para as colleitas do segundo e terceiro ano do trienio: o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co número 5 do artigo 2 deste real decreto, dictará unha resolución de asignación de cota no segundo e terceiro ano de cada período trienal, por grupo de variedades, ás agrupacións de produtores e ós produtores individuais non afiliados a unha agrupación de produtores, que será debidamente notificada ós interesados. O Minis-

terio de Agricultura, Pesca e Alimentación fornecerá un soporte informático que conteña a información de cada produtor individual afectado polas resolucións dictadas.

Artigo 4. *Modificación das asignacións de cotas.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá modifica-la asignación inicial de cotas para cada período trienal, e a asignación inicial de cotas do período trienal para as colleitas do segundo e terceiro ano do trienio, nos seguintes casos:

a) Como consecuencia da facultade que a normativa vixente concede ás agrupacións de produtores de distribuíren de forma diferente a cota asignada, con obxecto de mellora-la distribución da produción, de acordo co disposto no artigo 5.5 deste real decreto.

b) Como consecuencia dos movementos anuais de cotas comunicados ou autorizados, de acordo co disposto no capítulo III desta norma.

c) Como consecuencia de se produciren modificacións anuais do limiar de garantía para cada grupo de variedades, de acordo co disposto no capítulo II deste real decreto.

2. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación dictará, en cumprimento do disposto no número 1, unha resolución de modificación da cota asignada, por grupo de variedades, para a contratación de cada colleita, ás agrupacións de produtores e ós produtores individuais non afiliados a unha agrupación de produtores, que será debidamente notificada ós interesados. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación fornecerá un soporte informático que conteña a información de cada produtor individual afectado polas resolucións dictadas.

Artigo 5. *Emisión de certificados de cotas a membros de agrupacións de produtores.*

1. Cando as resolucións de asignación ou de modificación de cota por grupo de variedades, en calquera das situacións indicadas no artigo anterior, recaian nunha agrupación de produtores recoñecida, esta procederá a comunicar a cada membro a súa cota, de conformidade coa resolución correspondente emitida polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

2. A comunicación da cota correspondente a cada produtor membro da agrupación de produtores realizarase mediante a emisión do correspondente certificado de cota, que conterá, ó menos, os datos que figuran nos anexos 2A, 2B e 2C, de acordo coas disposicións do capítulo I do título V do Regulamento (CE) 2848/1998.

3. As agrupacións de produtores emitirán por cada produtor individual membro, asinados polo órgano correspondente da agrupación, os diferentes certificados de cotas de produción a que se refire o punto anterior, por grupo de variedades, nun documento orixinal único onde se indique nome, número de identificación fiscal e domicilio da agrupación, así como os datos identificativos do produtor individual: nome e apelidos ou razón social, número ou código de identificación fiscal, domicilio, termo municipal de cultivo, entregas do período de referencia, se é o caso, e cota asignada. Estes certificados entregaránselles ós interesados nun prazo de dez días naturais, contados a partir da data da correspondente notificación da asignación de cota á agrupación.

4. As agrupacións de produtores comunicaranlle ó órgano competente da comunidade autónoma afectada, nun prazo de cinco días naturais, contados a partir da finalización do prazo de notificación das correspon-

dentes certificacións de cota ós produtores individuais da agrupación, os documentos acreditativos de que os produtores individuais recibiron a notificación dos seus correspondentes certificados de cotas.

5. Cando unha agrupación de produtores reciba as resolucións de asignación inicial de cota a que se refiren os números 5 e 6 do artigo 3 deste real decreto, esta poderá levar a cabo unha distribución diferente con obxecto de mellora-la organización da produción, co acordo de tódolos membros da agrupación.

O órgano competente da comunidade autónoma propondrá ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación os datos exactos de cotas e de entregas de referencia da distribución realizada, que deberá cumprilo disposto nos números 1, 2, 3 e 4 do artigo 2 deste real decreto, e remitirá unha copia do acordo antes referido, así como unha copia do soporte informático que conteña os rexistros dela, nun prazo de vinte días naturais, contados a partir da data da notificación da asignación de cota á agrupación.

Atendendo á petición formulada, e efectuando as oportunas comprobacións, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación dictará unha resolución de modificación de cotas para o período trienal nun prazo de dez días naturais, contados a partir da data de recepción da proposta da nova distribución. Para a comunicación ós produtores da nova distribución de cotas e entregas de referencias, aplicarase o disposto nos números anteriores.

CAPÍTULO II

Modificacións anuais do limiar de garantía

Artigo 6. *Transferencia de cantidades do limiar de garantía dun grupo de variedades para outro.*

1. De conformidade co establecido no número 4 do artigo 9 do Regulamento (CEE) 2075/1992, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación propondrá, se é o caso, a través da vía correspondente á Comisión Europea, para a súa autorización, as transferencias de cantidades do limiar de garantía entre grupos de variedades para cada colleita. Esta proposta realizarase atendendo ás condicións do mercado e logo de consulta polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ós produtores, ás organizacións de produtores agrarios e ás empresas de primeira transformación respecto á necesidade de transferencia de cantidades entre grupos de variedades e á súa cuantificación. As transferencias realizaranse segundo criterios obxectivos e publicados, fixados polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, e tendo en conta o dictame das organizacións interprofesionais; así mesmo, respectarase o principio de neutralidade orzamentaria mediante a aplicación, se procede, de coeficientes correctores ós quilos transmitidos.

2. As solicitudes de transferencias de cantidades polas agrupacións de produtores e polos produtores individuais presentaranse, para cada colleita, ante o órgano competente da comunidade autónoma afectada antes do 1 de abril do ano da colleita, con expresión das cantidades para as que se solicita a transferencia dun grupo para outro grupo de variedades, e deberán conter, ó menos, os datos recollidos no anexo 3 e xuntarse o orixinal da resolución ou certificado de cota do produtor. O órgano competente da comunidade autónoma remitirá ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación nun prazo de quince días naturais, contados desde a súa

presentación, a correspondente proposta de resolución das solicitudes, xuntando copia do soporte informático que conteña os rexistros dela.

CAPÍTULO III

Movimentos de cotas de produción

Artigo 7. *Comunicación ou solicitude, resolución e notificación de movementos de cotas.*

1. No caso de que, en virtude do disposto na normativa comunitaria, se transfiran, unifiquen, intercambien ou cedan as súas cotas, coas súas correspondentes entregas de referencia, os produtores, con indicación, se é o caso, da agrupación de produtores da que son membros, comunicarán ou solicitarán este movemento, en escrito dirixido ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, que conteña, polo menos, os datos que figuran nos anexos deste real decreto, antes do 21 de marzo do ano da colleita, que se presentará no órgano competente da comunidade autónoma na que estea establecida a explotación, ou a maior parte desta, do produtor que transmite a súa cota, xuntando a documentación que para cada suposto se especifica neste real decreto.

2. O órgano competente da comunidade autónoma correspondente enviará ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, antes do 21 de abril do ano da colleita, e unha vez comprobada a totalidade da documentación esixida, unha proposta de resolución acompañada dos orixinais dos expedientes de comunicación ou de solicitude ordenadas por tipo de movemento e agrupación de produtores do transmitente, xuntando copia do soporte informático que conteña os rexistros deles.

3. En todo caso, deberase acreditar de xeito que faga fe a titularidade da cota que se transmite, achegando o orixinal da resolución de asignación ou do certificado de cota para o trienio do grupo de variedades. No caso de se solicitar máis dun movemento da cota, dun grupo de variedades do transmitente, deberase indicar en qué expediente consta o orixinal dela, xuntándose no resto dos expedientes copia dese orixinal.

4. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación dictará cada ano unha resolución de modificación de cota do período trienal resultante dos movementos de cota autorizados en cada colleita, por grupo de variedades, ás agrupacións de produtores e ós produtores individuais non afiliados a unha agrupación de produtores, que será debidamente notificada ós interesados. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación fornecerá un soporte informático que conteña a información de cada produtor individual afectado polas resolucións dictadas.

5. As transmisións parciais de cota dun grupo de variedades soamente se autorizarán cando a cota resultante, para o transmitente e para o adquirente, sexa ó menos de 500 quilogramos.

Artigo 8. *Transferencia de explotación de produción de tabaco.*

Unha explotación de produción de tabaco poderase transferir a un terceiro, a título oneroso ou gratuito, total ou parcialmente, sexa cal for a modalidade de transferencia, co seu correspondente dereito de cota de produción, de conformidade co establecido nos números 1, 2 e 3 do artigo 31 do Regulamento (CE) 2848/1998. Salvo no caso de transmisións «mortis causa», o novo

productor obterá o dereito ó certificado de cota de produción sempre que a súa solicitude de transferencia fose presentada antes do 21 de marzo do ano da colleita perante o órgano competente da comunidade autónoma. En todo caso, deberase acreditar de xeito que faga fe a transferencia da explotación. Os órganos competentes das comunidades autónomas e do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderán solicitar a documentación que consideren necesaria en cada modalidade de transferencia.

A solicitude deberase presentar perante o órgano competente da comunidade autónoma, e conterá, ó menos, os datos que figuran no anexo 4A e a documentación que se indica a seguir:

a) Comunicación ou solicitude da transferencia polo titular da cota, indicando a cantidade e grupo de variedades transferido, así como os datos identificativos dos comparecentes: o número ou código de identificación fiscal, nome e apelidos, enderezo, identificación da explotación e identificación da agrupación de produtores do transmitente e do adquirente da cota.

b) Orixinal da resolución de asignación ou do certificado de cota do transmitente para o trienio do grupo de variedades que se van transferir.

c) Acreditación que faga fe da transmisión da titularidade da explotación mediante escritura pública, ou do arrendamento mediante o correspondente contrato, así como documento acreditativo de ter practicado a autoliquidación do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, que afectará a unha superficie apta para o cultivo do tabaco e suficiente para a produción da cota transferida. Na citada acreditación reflectirase a referencia catastral da parcela ou parcelas obxecto da transacción e especificarase que co predio se transfira a cota e as súas correspondentes entregas de referencia, salvo disposicións contractuais contrarias. Nos casos en que a superficie obxecto da transferencia ocupe soamente unha parte da parcela catastral xuntarase un esbozo no que se reflecta cal é a porción transferida con este fin.

d) No caso de arrendamento, a transferencia durará como máximo o que dure o arrendamento, quedando sen efecto a petición de parte, logo de acreditación que faga fe da finalización do arrendamento, presentando un documento no que se especifiquen as cotas que corresponden a arrendador e arrendatario, e o orixinal da resolución de asignación ou do certificado de cota do transmitente para o trienio do grupo de variedades que se van transferir.

e) No caso de transmisións «mortis causa», comunicación ou solicitude por parte dos herdeiros legais, acreditando a asignación de cota correspondente ó causante e a condición de herdeiros.

Artigo 9. *Unificación familiar de cotas.*

Cando varios membros dunha mesma familia exploten, ou explotasen en común, unha explotación de tabaco, deberán solicitar a unificación nunha soa cota, por grupos de variedades, das cotas familiares individuais, que deberán corresponder á totalidade delas, presentando, ó menos, os datos que figuran no anexo 4A e a seguinte documentación:

a) Solicitude da unificación polos titulares das cotas, indicando as cantidades por grupo de variedade que se van unificar, así como os datos identificativos do transmitente e do adquirente da cota unificada.

b) Orixinal da resolución de asignación ou do certificado de cota do transmitente para o trienio do grupo de variedades que se unifica.

c) Acreditación de que o adquirente posúe cota do grupo de variedades que se unifica.

d) Acreditación que faga fe do nexa familiar.

e) Declaración responsable por parte dos transmitentes e do adquirente de se tratar da mesma explotación.

A unificación familiar poderá quedar sen efecto a pedido de parte, logo de presentación dun acordo no que se especifique a cota de cada grupo de variedades que corresponde ás partes intervinientes.

Artigo 10. *Intercambio de cotas.*

Os produtores que, de acordo co previsto na normativa comunitaria, acorden intercambiar cotas de produción pertencentes a dous grupos de variedades diferentes, presentarán perante o órgano competente da comunidade autónoma na que estea establecida a explotación de maior tamaño, ou a maior parte desta, ó menos, os datos que figuran no anexo 4B e a documentación seguinte: o acordo de intercambio de cotas de produción, os orixinais das resolucións de asignación ou dos certificados de cota para o trienio dos grupos de variedades que se intercambien.

O intercambio equivalerá a unha cesión definitiva.

Artigo 11. *Cesión temporal e definitiva de cota.*

1. En virtude do disposto na normativa comunitaria, un produtor individual poderá ceder a outro produtor individual, de forma temporal ou definitiva, a totalidade ou parte da cota que lle fose asignada, mediante solicitude que conteña, ó menos, os datos que figuran no modelo do anexo 4C.

2. De acordo co disposto no artigo 1 do Regulamento 2848/1998, para os efectos deste real decreto, considerarase:

a) Cesión temporal. A cesión das cantidades estipuladas nos certificados de cota de produción durante un período máximo dun ano non renovable durante o período trienal de distribución das cotas.

b) Cesión definitiva. A cesión das cantidades estipuladas nos certificados de cota de produción durante un período superior a un ano dentro do período trienal de distribución de cotas.

3. As cesións de cota débense axustar ós seguintes requisitos:

a) Que a cota correspondente á resolución de asignación ou o certificado de cota do cedente para o grupo de variedades obxecto da cesión non estea cuberta aínda por un contrato de cultivo.

b) Que o beneficiario da cesión dispoña xa dunha cota de produción, para o cal presentará unha fotocopia da resolución de asignación ou do certificado de cota do trienio do cesionario para o grupo de variedades que posúe. Cando a cesión de cota se refira unicamente a unha parte das cantidades rexistradas na resolución de asignación ou no certificado de cota, o beneficiario da cesión debe ter cota de produción para o grupo de variedades obxecto da cesión.

c) Que a cesión fose obxecto dun acordo escrito entre as partes interesadas, no que se faga referencia

á resolución de asignación ou ó certificado de cota de produción no que estean inscritas unha parte ou a totalidade das cantidades obxecto da cesión.

d) Que o acordo escrito anterior fose presentado para o seu rexistro no órgano competente da comunidade autónoma na que estea establecida a explotación ou a maior parte dela, do produtor que cede a cota, nun prazo de trinta días naturais a partir do 20 de febreiro do ano da colleita.

e) Que se presente o orixinal da resolución de asignación ou do certificado de cota do transmitente para o trienio do grupo de variedades que se cede.

f) Que, se o cedente do certificado de cota é membro dunha agrupación de produtores, a cesión fose autorizada pola agrupación no caso de o beneficiario da cesión non pertencer á mesma agrupación de produtores. A autorización deberá ser concedida pola agrupación de produtores cando ningún dos seus membros mostrase interese en utiliza-la cota obxecto da cesión nas condicións ofrecidas. Se a cesión se efectúa entre produtores da mesma agrupación de produtores, a agrupación debera ser informada da cesión. Para estes efectos, a agrupación expedirá un documento acreditativo de autorización da cesión ou de que foi informada.

g) No caso de cesións definitivas, os produtores que ceden deberán achega-la proba de teren celebrado contratos de cultivo durante os tres anos anteriores utilizando as cotas obxecto da cesión.

4. O órgano competente da comunidade autónoma na que estea establecida a explotación ou a maior parte dela, do produtor cedente da cota, rexistrará o acordo contemplado na alínea c) do número 1 nun prazo de quince días naturais, a partir da súa presentación, despois de comprobar que se cumpren as condicións contempladas nas alíneas a), b), d), e), f) e g), verificando que se presentou a documentación oportuna.

5. O órgano competente da comunidade autónoma correspondente enviará ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, dentro do prazo anterior, unha proposta de resolución de cesións, acompañada dos orixinais dos expedientes de cesión, ordenada por agrupacións de produtores dos cedentes de cotas, achegando copia do soporte informático que conteña os rexistros correspondentes.

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación dicará ós produtores as resolucións correspondentes, nun prazo de quince días naturais, contados a partir da recepción da proposta realizada pola comunidade autónoma, comunicándoo ás comunidades autónomas afectadas.

6. As cesións de cotas contempladas no número 1 non poderán realizarse para cantidades inferiores a 100 quilogramos, salvo nos casos de cota de produción inferiores a 100 quilogramos que se cedan na súa totalidade.

7. As cesións temporais soamente poderán ser autorizadas para un período máximo dun ano, non renovable, durante cada período trienal de cotas.

Artigo 12. *Altas e baixas de cotas de produtores en agrupacións.*

Cando un produtor se incorpore a unha agrupación de produtores ou a abandone, tódalas súas cotas causarán alta ou baixa nela. O produtor e a agrupación presentarán ante o órgano competente da comunidade autónoma afectada, ó menos, os datos que figuran no anexo 5 e a documentación que a seguir se indica:

a) Comunicación da alta ou baixa pola agrupación de produtores e o produtor individual, indicando a cota por grupo de variedades, así como os datos identifica-

tivos dos comparecentes. Esta comunicación deberá ser asinada polas partes intervinientes.

b) Orixinal da resolución de asignación ou do certificado de cota do produtor individual para o trienio de cada grupo de variedades.

c) Acreditación que faga fe do acordo de admisión ou de baixa do solicitante á agrupación de produtores.

CAPÍTULO IV

Programa de readquisición de cotas

Artigo 13. *Beneficiarios e solicitudes.*

1. Para facilita-la reconversión dos produtores que, de forma individual e voluntaria, decidan abandona-lo sector, aplicárase un programa de readquisición de cotas con redución correspondente dos límites de garantía, se as cotas son adquiridas a cargo do FEOGA-Garantía.

2. Soamente terán dereito a este programa os produtores que presenten a proba de teren celebrado contrato de cultivo durante os tres anos anteriores utilizando as súas cotas correspondentes.

3. O produtor que non sexa membro dunha agrupación de produtores e decida abandona-lo sector, deberá presentar unha solicitude perante o órgano competente da comunidade autónoma onde estea establecida a súa explotación, dirixida ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, que conteña, ó menos, os datos recollidos no anexo 6, antes do 1 de setembro de cada colleita. Cando o produtor pertenza a unha agrupación de produtores deberá, así mesmo, presentala solicitude e o mesmo deberá face-la agrupación de produtores correspondente.

4. Durante un período de catro meses, comprendido entre o 1 de setembro e o 31 de decembro, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación fará pública a intención de venda de maneira que outros produtores poidan compra-la cota antes da readquisición efectiva a cargo do FEOGA-Garantía.

5. Os produtores individuais que pertencen á mesma agrupación que o produtor que decidise abandona-lo sector e a propia agrupación, terán prioridade, por esa orde, sobre os demais produtores para a compra das cotas ofrecidas ó programa de readquisición.

6. As cotas adquiridas por este procedemento quedan reguladas segundo o establecido para cesións definitivas de cotas no artigo 11 deste real decreto.

7. Os produtores as cotas dos cales fosen readquiridas terán dereito a recibilos importes a que se refire o artigo 36 do Regulamento (CE) 2848/1998.

CAPÍTULO V

Agrupacións de produtores

Artigo 14. *Recoñecemento.*

1. Para os efectos do establecido neste real decreto, poderán ser recoñecidas como agrupacións de produtores de tabaco as cooperativas agrarias, as sociedades agrarias de transformación e calquera outra entidade con personalidade xurídica que cumpra as condicións que se determinan na normativa comunitaria e nacional.

2. As agrupacións de produtores non poderán exercer-la actividade de primeira transformación. Así mesmo, un produtor de tabaco soamente poderá pertencer a unha agrupación.

d

3. As entidades que desexen ser recoñecidas como agrupacións de produtores deberán presenta-la solicitude, antes do 15 de novembro do ano anterior ó da colleita para a que se solicita o recoñecemento, ante o órgano competente da comunidade autónoma correspondente ou ante o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co establecido no número 5.

4. As agrupacións de produtores deberán cumprir-las condicións de recoñecemento establecidas no artigo 3 do Regulamento (CE) 2848/98.

De conformidade co establecido na alínea e) do número 1 do artigo 3 do Regulamento (CE) 2848/98, as agrupacións de produtores deberán dispor de certificados de cotas por unha cantidade mínima de 850 toneladas métricas e cun número mínimo de 100 produtores. Nas rexións de produción de Castela e León, Navarra e zona do Campezo, no País Vasco, a cantidade mínima será de 168 toneladas métricas, cun número mínimo de 50 produtores. Estas cantidades mínimas poderán ser modificadas pola variación dos limiares de garantía vixentes en cada colleita do período trienal.

5. O recoñecemento das agrupacións de produtores corresponderá:

a) Ó órgano competente da comunidade autónoma:

1.º Cando o ámbito xeográfico da entidade non supere o dunha comunidade autónoma.

2.º Cando o ámbito xeográfico da entidade supere o dunha comunidade autónoma e, ó menos, o 90 por 100 da superficie de cultivo dos membros da entidade estea situado na mesma.

b) Ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, nos demais casos.

O órgano competente dictará resolución motivada no prazo de sesenta días naturais, a partir da data de presentación das solicitudes. As comunidades autónomas comunicaranlle ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación as resolucións de recoñecemento dictadas.

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación disporá dun Rexistro de Agrupacións de Produtores de Tabaco no que se inscribirán as entidades anteriormente recoñecidas, así como aquelas que o sexan de acordo con este real decreto.

6. Cada agrupación de produtores presentará anualmente, antes do 15 de novembro, a actualización dos datos necesarios para o recoñecemento e comunicará ó órgano competente as posibles modificacións que se producisen con respecto ó período anterior.

7. A agrupación de produtores que o 15 de setembro cumpra as condicións de recoñecemento poderá mante-lo recoñecemento para a colleita do ano seguinte.

8. A agrupación de produtores que deixe de cumprir-las condicións de recoñecemento o 15 de novembro poderá presentar unha solicitude de recoñecemento, de conformidade co disposto neste artigo, antes do vencemento do prazo para a celebración dos contratos de cultivo fixado no número 1 do artigo 10 do Regulamento (CE) 2848/1998, con obxecto de poder mante-lo recoñecemento para a colleita do mesmo ano.

Artigo 15. *Declaración de extinción do recoñecemento.*

O órgano competente que dictase a resolución de recoñecemento a unha agrupación de produtores poderá declarar extinguido ese recoñecemento á agrupación de produtores nos supostos contemplados nos artigos 6 e 51 do Regulamento (CE) 2848/1998.

CAPÍTULO VI

Empresas de primeira transformación do tabaco

Artigo 16. *Recoñecemento das empresas de primeira transformación.*

1. As empresas de primeira transformación do tabaco, para poderen desenvolver-las súas actividades no marco do réxime de axuda á produción do tabaco e poderen asinalos contratos de cultivo, deberán te-la condición de autorizadas.

2. A autorización das empresas de primeira transformación corresponderá:

a) Ó órgano competente da comunidade autónoma:

1.º Cando o ámbito xeográfico da empresa non supere o dunha comunidade autónoma.

2.º Cando o ámbito xeográfico da empresa supere o dunha comunidade autónoma pero dispoña nela de instalacións con capacidade de transformación de, ó menos, o 90 por 100 da súa capacidade total.

b) Ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, nos demais casos.

As solicitudes de autorización das empresas interesadas deberán presentarse ante o órgano competente antes do 30 de novembro do ano anterior, achegando a documentación que acredite de maneira que faga fe o cumprimento dos requisitos de autorización establecidos na normativa comunitaria.

3. O órgano competente dictará resolución motivada no prazo de sesenta días naturais, a partir da data en que a solicitude teña entrada no rexistro competente para a súa tramitación.

Artigo 17. *Requisitos das empresas de primeira transformación.*

1. Para os efectos de obter-la autorización, as empresas de primeira transformación interesadas deberán ofrecer-las garantías suficientes respecto á capacidade de transformación, eficacia e experiencia no exercicio das súas actividades.

2. Os requisitos indispensables para obter-lo recoñecemento serán os seguintes:

a) A xestión no seu nome e por conta propia de instalacións idóneas para a primeira transformación do tabaco. A idoneidade das instalacións de primeira transformación debe responder ás características que se indican no artigo 18 deste real decreto.

b) Dispor dunha instalación de primeira transformación en réxime de propiedade, arrendamento ou calquera outra forma de uso obtido legalmente.

c) A empresa de primeira transformación deberá transformar nas súas instalacións, ó menos, o 50 por 100 do tabaco contratado anualmente. Para unha empresa de primeira transformación que inicie as súas actividades en España, requírese unha dispoñibilidade exclusiva das instalacións, como mínimo, de dous anos e dispor dunha capacidade financeira suficiente en relación co tabaco que contrata.

d) Presentación do oportuno certificado de inscrición no rexistro de industrias agrarias correspondente.

Artigo 18. *Características dunha empresa de primeira transformación.*

Para se consideraren adecuadas as instalacións dunha empresa de primeira transformación deben ter:

1.º Locais adecuados para a recepción de tabacos crus, a súa inspección, almacenamento, fermentación

e elaboración industrial (procesamento da folla e bateamento), así como para almacenamento de produto terminado en fardos ou caixas.

2.º Os equipamentos de primeira transformación idóneos, segundo o proceso industrial, deberán incluí-la seguinte maquinaria específica:

- a) Acondicionadores de humidade.
- b) Fitas de alimentación.
- c) Humidificadores.
- d) Fita de clasificación.
- e) Túnel continuo de secado (resecado).
- f) Prensa e liña de evacuación.
- g) Laboratorio de análises con equipamentos de medición de humidade adecuados á regulamentación comunitaria.

Estas características débense facer constar na oportuna acta de control, xuntándose os correspondentes planos dos equipamentos, das instalacións e das edificacións.

Artigo 19. *Extinción e perda da autorización.*

A autorización de empresa de primeira transformación declarárase extinguida, logo de audiencia do interesado, cando se comprobe que se deixaron de cumprir unha ou varias das condicións e requisitos de autorización previstos neste real decreto, ou nos casos previstos nos artigos 7 e 53 do Regulamento (CE) 2848/1998.

Artigo 20. *Rexistro de empresas de primeira transformación autorizadas.*

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación disporá dun rexistro xeral de empresas de primeira transformación no que se inscribirán as anteriormente autorizadas, así como aquelas que o sexan de acordo con este real decreto.

CAPÍTULO VII

Réxime de primas

Artigo 21. *Contrato de cultivo.*

1. O contrato de cultivo celebrarase entre un produtor individual que non sexa membro dunha agrupación ou unha agrupación de produtores recoñecida que teñan asignación de cota, por unha parte, e unha empresa de primeira transformación de tabaco recoñecida, por outra. Este contrato celebrarase por variedade de tabaco, dentro de cada grupo de variedades, e a súa duración non poderá exceder unha colleita.

2. Os produtores individuais soamente poderán realizar un único contrato para cada variedade cunha soa empresa de primeira transformación recoñecida. As agrupacións de produtores poderán realizar contratos para unha determinada variedade con máis dunha empresa. Cada produtor membro dunha agrupación soamente poderá figurar nun único contrato realizado por esa agrupación cunha empresa de primeira transformación para unha variedade determinada.

3. O contrato obrigará á empresa de primeira transformación a facerse cargo da cantidade de tabaco en folla que figure no contrato e ó produtor individual ou á agrupación de produtores a entregar esta cantidade á empresa de primeira transformación, dentro dos límites da súa produción real.

4. O contrato deberá conter, ó menos, os datos a que se refire o número 3 do artigo 9 do Regulamento

(CE) 2848/1998, incluíndo, así mesmo, o compromiso da empresa de primeira transformación de pagar ó produtor o prezo de compra estipulado no contrato, segundo a calidade que corresponda, pola cantidade neta de tabaco efectivamente entregada.

5. A superficie de cultivo de tabaco reflectida no contrato, correspondente a unha cota determinada dentro dunha parcela, deberá quedar fisicamente delimitada das restantes.

6. As partes interesadas dun contrato de cultivo poderán incrementar, mediante unha cláusula adicional escrita, as cantidades contratadas dentro dun límite máximo do 10 por 100 da cota asignada ó produtor para a dita colleita, sempre que non entregase excedentes durante a colleita precedente.

Artigo 22. *Celebración dos contratos.*

1. Salvo en caso de forza maior debidamente acreditada, os contratos de cultivo deberán celebrarse ata o día 30 de maio, inclusive, do ano da colleita.

2. Así mesmo, excepto en caso de forza maior debidamente acreditada, os contratos de cultivo deberán enviarse ó órgano competente da comunidade autónoma na que estean localizadas as parcelas cultivadas, para o seu rexistro, dentro dos dez días naturais posteriores á data límite fixada para a súa celebración. Este órgano enviará copias da mencionada documentación ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, o cal, no caso de a transformación do tabaco se realizar noutro estado membro, transmitirá de forma inmediata, a través da vía correspondente, unha copia do contrato rexistrado ó organismo competente dese estado.

3. Se a celebración do contrato excedese ata un máximo de quince días naturais a data límite indicada no número 1, ou o prazo referido no número 2, a prima que deberá reembolsarse reducirase nun 20 por 100.

4. Os contratos de cultivo que se celebren entre unha empresa de transformación e unha agrupación de produtores irán acompañados dunha relación nominativa dos produtores e das súas superficies cultivadas de tabaco respectivas, así como unha lista recapitulativa dos seus correspondentes certificados ou resolucións de cotas, dos excedentes de tabaco da colleita anterior que tivesen achegado á colleita a que se refiren os contratos, e a diferenza entre ámbalas cantidades, sendo a dita agrupación responsable da veracidade de tódolos datos subministrados por ela nos contratos. Así mesmo, a agrupación adoptará as medidas oportunas para a actualización da información mencionada.

5. As agrupacións de produtores e os produtores individuais non pertencentes a ningunha agrupación presentarán, ante o órgano competente da comunidade autónoma na que se rexistrou o contrato de cultivo inicial, como moi tarde o día 25 de abril do ano seguinte ó da colleita, e sempre despois de ter finalizado as entregas contratadas inicialmente, a cláusula adicional indicada no número 6 do artigo 21 deste real decreto, para o seu rexistro. Este rexistro terá carácter provisorio en canto non se comprobe que o produtor non entregou excedentes durante a colleita precedente, por el mesmo ou como consecuencia de ter recibido cota doutro produtor que realizase entregas de excedentes na dita colleita.

Artigo 23. *Cálculo da prima.*

1. As modalidades de distribución da prima prevista no artigo 4 bis do Regulamento (CEE) 2075/1992, as relacións entre a parte variable e o total da prima aplicables en España a partir da colleita 2002, así como

d
as modalidades de cálculo da parte variable da prima, serán as que figuran no anexo V do Regulamento (CE) 2848/1998 e nas súas modificacións posteriores.

2. A parte fixa da prima que se lle pagará ó produtor, consonte o seu certificado de cota para a campaña de que se trate, calcularase en función do peso do tabaco en folia da variedade en cuestión con respecto á calidade mínima esixida e recibida pola empresa de primeira transformación.

O peso de tabaco en folia correspondente a cada grupo de variedades adaptarase segundo o grao de humidade e os límites de tolerancia fixados para cada variedade no anexo 4 do Regulamento (CEE) 2848/1998 e segundo os métodos para a súa determinación establecidos na normativa comunitaria.

3. Por cada lote entregado, o importe da parte variable da prima que se lle pagará a unha agrupación de produtores, que pola súa vez a redistribuirá integramente a cada membro dela, calcularase en función do prezo de compra pagado pola empresa de primeira transformación para adquirir cada lote entregado, de acordo coas calidades establecidas no contrato.

4. De acordo co indicado no número 6 do artigo 18 do Regulamento (CE) número 2848/1998, para calcular a parte variable da prima tomarase o prezo de compra fixado por lote no momento da entrega. Non obstante, no caso de ser necesaria a realización de determinacións analíticas específicas de calidade do tabaco, acordadas no contrato de cultivo, os órganos competentes das comunidades autónomas poderán admitir unha demora, nun prazo razoable, para a fixación dese prezo.

Artigo 24. *Pagamento da prima.*

1. A partir da colleita 2002, os órganos pagadores das comunidades autónomas efectuarán o pagamento da prima directamente ás agrupacións de produtores e ós produtores individuais non pertencentes a ningunha agrupación, conforme un certificado de control, achegado polo órgano competente de control da comunidade autónoma, no que se conteñan as entregas diarias de cada un dos produtores, sexan membros ou non dunha agrupación, e dunha proba da percepción por parte destes do importe do prezo de compra establecido no contrato.

2. O organismo pagador da comunidade autónoma onde se realice o control desas entregas aboará para o período de referencia de entregas que esta determine:

a) O importe da parte fixa da prima ás agrupacións de produtores e ós produtores individuais que non sexan membros de ningunha agrupación e a axuda específica ás agrupacións, correspondente ás ditas entregas, nun prazo de trinta días naturais contados a partir da data de presentación dos documentos mencionados no número 1.

b) O importe da parte variable da prima correspondente á agrupación de produtores nun prazo de trinta días naturais, contados a partir da data de presentación dos documentos mencionados no número 1 e dunha declaración expedida pola agrupación de produtores de que se trate que confirme o final das entregas de cada grupo de variedades.

3. As agrupacións aboarán ós seus produtores a parte fixa da prima e, se é o caso, a parte variable, nun prazo de trinta días naturais a partir da data de recepción de tales importes.

4. Os organismos pagadores realizarán os aboamentos dos importes correspondentes ás agrupacións de pro-

ductores ou ós produtores individuais por transferencia bancaria ou xiro postal, ós números das contas destinadas a eses pagamentos, que fosen comunicadas por aqueles ós órganos competentes das comunidades autónomas, e que deben estar vinculadas, no caso das agrupacións de produtores, co pagamento ós seus membros, igualmente por transferencia bancaria ou xiro postal, para poderense coñecer os importes percibidos das primas por cada un deses produtores.

5. O tabaco excedente de produción, entregado de acordo coa cláusula adicional do contrato, poderase beneficiar da prima que se conceda na colleita seguinte, logo de solicitude da agrupación ou dos produtores individuais ó órgano competente da comunidade autónoma onde se realice o control das ditas entregas, aboando este a dita prima a partir do 16 de outubro do ano da colleita seguinte.

Artigo 25. *Anticipo de prima.*

1. As agrupacións ou os produtores individuais poderán solicitar un anticipo da prima polas cantidades de tabaco da colleita en curso que poidan entregar, de acordo coa súa cota e co contrato celebrado, o importe máximo do cal será igual á parte fixa da prima susceptible de aboamento, estando supeditado á constitución dunha garantía polo dito importe incrementado nun 15 por 100. Esta garantía deberase axustar á norma establecida ó respecto polos organismos pagadores das comunidades autónomas, facéndose referencia ó disposto no artigo 19 do Regulamento (CE) 2848/1998.

2. O anticipo será aboado ós beneficiarios polos organismos pagadores das comunidades autónomas, a partir do 16 de outubro do ano da colleita e, como moito tarde, trinta días naturais despois de terse solicitado e de ter presentado a proba da constitución da garantía correspondente. Se a solicitude se presentase antes do 16 de setembro, o prazo do seu aboamento ampliarase a setenta e sete días naturais.

3. O importe do anticipo aboado deducirase do importe da prima que se deba pagar a partir da primeira entrega efectuada.

4. A garantía devolverase de acordo co certificado de control expedido polo órgano competente da comunidade autónoma e, ademais, no caso de agrupacións, da presentación da xustificación do pagamento da prima ós produtores que teñan dereito a ela.

5. O 50 por 100 da garantía constituída devolverase cando se atinxise o 5 por 100 da prima que se vai pagar, de acordo coas entregas de tabaco realizadas, e o resto da garantía cando se deducise do importe total da prima que se vai pagar o importe total do anticipo concedido.

6. Salvo en caso de forza maior, cando o 15 de abril do ano seguinte ó da colleita, data límite para realízalas entregas do tabaco contratado, non se efectuasen todas aquelas que permitan deducir a totalidade do anticipo concedido do importe da prima que corresponda pagar, a garantía executarase polo importe do anticipo non recuperado.

7. Presentarase unha única solicitude de anticipo por cada unha das variedades contratadas e para cada unha das comunidades autónomas nas que estean situados os centros de compras onde, previsiblemente, se realizarán as entregas de tabaco. Non obstante, no caso de que, por razón xustificada, a previsión de entregas que corresponda a ese anticipo non se realice totalmente na comunidade autónoma na que se solicitou, para a liberación da garantía constituída servirá a presentación dun certificado de control desas entregas por parte do órgano competente da outra comunidade autónoma.

8. Para cada unha das variedades, os órganos competentes das comunidades autónomas non poderán admitir solicitudes de anticipo da prima, unha vez iniciadas as entregas correspondentes.

9. O pagamento do importe do anticipo soamente se poderá realizar por transferencia bancaria ou xiro postal ás contas indicadas no artigo 24.4 deste real decreto.

Artigo 26. *Entregas de tabaco.*

1. Salvo en caso de forza maior, para ter dereito ó cobramento da prima o produtor deberá entregar toda a súa produción á empresa de primeira transformación, como moi tarde o 15 de abril do ano seguinte ó da colleita.

2. A entrega de tabaco efectuarase no centro de transformación ou no centro de compra autorizado polo órgano de control competente da comunidade autónoma, segundo os requisitos e condicións que se determinen.

3. Se o grao de humidade, calculado segundo os métodos para a súa determinación establecidos na normativa comunitaria, é superior ou inferior ó grao fixado no anexo IV do Regulamento (CE) 2848/1998 para a variedade en cuestión, adaptarase o peso do tabaco en folla segundo o grao de humidade e límites de tolerancia fixados no indicado anexo.

4. O tabaco que se entregue á empresa transformadora deberá ser de calidade sa, cabal e comercial, e estar exento das características que figuran no anexo III do Regulamento (CE) 2848/1998.

5. Cada produtor comunicará por escrito ó órgano de control competente da comunidade autónoma, como moi tarde o 25 de abril, tódalas cantidades de tabaco en folla que non entregase á empresa de primeira transformación e o lugar no que ese tabaco se encontra almacenado, para efectos do seu control.

6. Os produtores que non sexan membros dunha agrupación de produtores soamente poderán entregar a unha única empresa de transformación tabaco dunha variedade dada para unha mesma colleita.

7. O órgano competente da comunidade autónoma enviará ó Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, antes do 15 de xuño da colleita seguinte, coas especificacións que este determine, os datos relativos ás entregas realizadas polas agrupacións e produtores individuais e sometidas a control, correspondentes á colleita anterior, correctamente validados.

Artigo 27. *Axuda específica.*

1. A axuda específica ás agrupacións de produtores, prevista no artigo 4 bis do Regulamento (CEE) 2075/1992, será igual ó 2 por 100 da prima.

2. Esta axuda soamente poderá ser utilizada polas agrupacións para os fins e nas condicións contempladas nos números 2 e 3 do artigo 40 do Regulamento (CE) 2848/1998.

3. As agrupacións de produtores recoñecidas que realizen un contrato cunha empresa de primeira transformación poderán solicitar, a partir do 16 de outubro do ano da colleita, un anticipo da axuda específica ó órgano competente da comunidade autónoma, o importe do cal se determinará sobre a base dun máximo do 50 por 100 da cantidade de tabaco que a agrupación inclúe no contrato de cultivo no momento da presentación da solicitude de anticipo, coa constitución dunha garantía o importe da cal será, ó menos, igual ó do anticipo, incrementado nun 15 por 100.

4. A garantía devolveráselle á agrupación, mediante solicitude desta acompañada da seguinte documentación:

a) Un certificado de control expedido polo órgano competente da comunidade autónoma, no que se refire ó 50 por 100 das entregas realizadas.

b) Unha proba da percepción do importe do prezo de compra pola agrupación polo mencionado 50 por 100 das ditas entregas.

5. Presentarase unha única solicitude de anticipo de axuda específica por cada unha das variedades contratadas e para cada unha das comunidades autónomas nas que estean situados os centros de compras onde, previsiblemente, se realizarán as entregas de tabaco. Non obstante, no caso de que, por razón xustificada, a previsión de entregas que corresponda ó dito anticipo non se realice totalmente na comunidade autónoma na que se solicitou, para a liberación da garantía constituída servirá a presentación dun certificado de control das ditas entregas por parte do órgano competente da outra comunidade autónoma.

CAPÍTULO VIII

Controis, penalizacións e sancións

Artigo 28. *Controis.*

Os órganos competentes das comunidades autónomas realizarán os controis administrativos e controis «in situ», así como controis das entregas de tabaco en folla e da primeira transformación e acondicionamento do tabaco, indicados nos artigos 43 a 48 do Regulamento (CE) 2848/1998 que garantan unha comprobación eficaz do cumprimento do disposto no dito regulamento e no Regulamento (CEE) 2075/1992, adoptándose tódalas medidas adicionais pertinentes para tal fin.

No caso de movemento de tabaco cru con destino á súa transformación e acondicionamento noutro estado membro ou en terceiros países, o órgano competente da comunidade autónoma porao, de forma inmediata, en coñecemento do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para efectos do seu seguimento. Isto mesmo resultará de aplicación con respecto ó tabaco cru procedente igualmente doutros estados membros ou de países terceiros.

Artigo 29. *Penalizacións e sancións.*

1. Nos supostos previstos nos artigos 6.1 e 2; 7.3; 19.6 e 8; 40.2 bis; 50; 51 (excepto no seu número 3), e 53 (excepto no seu número 1) do Regulamento (CE) 2848/1998, aplicaranse as perdas ou reducións de dereitos que neses preceptos se recollen.

2. Así mesmo, nos supostos referidos nos artigos 6.3; 52, e 53.1 do mesmo regulamento, serán de aplicación as sancións previstas neles.

3. Non obstante, as medidas ás que se alude nos artigos 19.8 e 50 a 53 do Regulamento (CE) 2848/1998 non serán de aplicación en caso de forza maior.

CAPÍTULO IX

Coordinación técnica e abastecemento de información

Artigo 30. *Base de datos do réxime de cotas.*

No Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación manterase a base de datos informatizada creada de conformidade co establecido no artigo 38 do Regulamento (CE) 2848/1998.

d
 Artigo 31. *Actuacións de coordinación técnica e de abastecemento de información.*

1. O FEGA, na súa condición de organismo de coordinación dos organismos pagadores, para efectos do previsto no artigo 4.1.b) do Regulamento (CE) 1258/1999 do Consello, do 17 de maio, de financiamento da política agrícola común, e no artigo 2 do Real decreto 2206/1995, do 28 de decembro, polo que se regulan as actuacións interadministrativas relativas ós gastos da Sección Garantía do Fondo Europeo de Orientación e Garantía Agrícola, desenvolverá as actuacións necesarias coas comunidades autónomas afectadas para conseguir a aplicación e execución harmonizada da normativa comunitaria e nacional do réxime de axudas a que fai referencia este real decreto en todo o territorio nacional.

2. De acordo co previsto nos artigos 4 e 9 da Lei 30/1992, así como no establecido no mencionado Real decreto 2206/1995, as distintas administracións públicas estarán obrigadas ó fornecemento da información necesaria para a aplicación dos regulamentos comunitarios e, en especial, para a súa comunicación á Comisión Europea por parte do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Disposición adicional única. *Celebración de contratos para a colleita 2002.*

Sen prexuízo do disposto no número 1 do artigo 22 deste real decreto, para a colleita 2002 os contratos de cultivo deberanse celebrar, salvo en caso de forza maior, como moi tarde, o 30 de xuño de 2002, de acordo co disposto no Regulamento (CE) 486/2002, do 18 de marzo, polo que se modifica o Regulamento (CE)

2848/1998 no que respecta ó establecemento de determinadas datas límite no sector do tabaco cru.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ó abeiro do artigo 149.1.13.^a da Constitución, que atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Facultade de desenvolvemento e aplicación.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para adoptar, no ámbito da súa competencia, as medidas precisas para o desenvolvemento e cumprimento deste real decreto e, en particular, para modificar os anexos e as datas referidas no texto, de modo que estea coordinado co que a normativa comunitaria estableza para o efecto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor e aplicación.*

A presente disposición entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e será de aplicación ás colleitas de 2002 e seguintes.

Dado en Madrid o 12 de xullo de 2002.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Agricultura, Pesca
e Alimentación,
MIGUEL ARIAS CAÑETE

ANEXO 1

SOLICITUDE DE ASIGNACIÓN DE COTA DE PRODUCCIÓN DE TABACO PARA O TRIENIO/.....

AGRUPACIÓN DE PRODUCTORES: PRODUCTOR INDIVIDUAL:

(marca-lo que prodeda)

Identificación Solicitante	Apellidos e nome do produtor individual ou do representante da agrupación				NIF/CIF
	Domicilio	Localidade	Código postal	Provincia	CC.AA.
	Agrupación de produtores a que representa		Teléfono		CIF

MANIFESTA:

Que, na súa condición de produtor individual ou na súa condición de presidente/xerente da Agrupación de produtores, cos produtores membros que figuran na lista nominativa adxunta ordenada por grupos de variedades e alfabeticamente:

- teñen entregas de tabaco recoñecidas en todas ou nalgunha das colleitas do período de referencia (____/____/____), e

- non transmitiron a totalidade da súa cota antes da data desta solicitude.

SOLICITA:

A asignación da cota de tabaco que lle corresponda de conformidade coa normativa comunitaria e nacional de aplicación.

..... de de

Asdo.:

**ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE AGRICULTURA
MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN**

ANEXO 2A

APA

Nome

CIF

CERTIFICADO DE COTA DE PRODUCCIÓN DE TABACO PARA O TRIENIO/.....**COLLEITA GRUPO**

D. con NIF, na súa condición de presidente desta agrupación de produtores de tabaco, de acordo coa normativa comunitaria e nacional de aplicación e coa resolución de asignación de cota de produción de tabaco para este trienio, notificada a esta agrupación de produtores pola Dirección Xeral de Agricultura, ó produtor individual membro da súa agrupación:

D. (ou razón social) e NIF/CIF, con domicilio na r/, nº, poboación, código postal, provincia, a explotación do cal radica no termo municipal de

CERTIFICA:

Que ten as entregas de tabaco recoñecidas, procedentes de transmisións de cotas en colleitas anteriores ou directamente realizadas e afectadas polos cambios de grupos realizados en 2001, que se indican para o período de referencia:

VARIEDADES	Colleita (kg)	Colleita (kg)	Colleita (kg)

Que a súa **COTA inicial** para o trienio ____/____ é:

GRUPO DE VARIEDADES	Cota inicial trienio ____/____ (kg)

Que unha vez minorada a cota inicial referenciada en kg, debido, de se-lo caso, á redución por **penalizacións** de kg, a súa cota resultante para o trienio é:

GRUPO DE VARIEDADES	Cota trienio ____/____ (kg)

..... de de

O presidente

(sinatura e selo)

ANEXO 2B

APA

Nome

CIF

**CERTIFICADO DE COTA DE PRODUCCIÓN DE TABACO PARA O TRIENIO/..... RESULTANTE DOS
MOVEMENTOS DE COTA AUTORIZADOS****COLLEITA GRUPO**

D. con NIF, na súa condición de presidente desta agrupación de produtores de tabaco, de acordo coa normativa comunitaria e nacional de aplicación e coa resolución de asignación de cota de produción de tabaco para este trienio, notificada a esta agrupación de produtores pola Dirección Xeral de Agricultura, ó produtor individual membro da súa agrupación:

D. (ou razón social)..... e NIF/CIF, con domicilio na r/, nº, poboación, código postal, provincia, a explotación do cal radica no termo municipal de

CERTIFICA:

Que a súa cota para o trienio/..... foi modificada, resultando a cota seguinte:

GRUPO	COTA TRIENIO DESPOIS DE MOVEMENTOS (kg)

..... de de

O presidente

(sinatura e selo)

ANEXO 2C

APA

Nome

CIF

CERTIFICADO DE COTA DE PRODUCCIÓN DE TABACO PARA O TRIENIO/..... PARA A CONTRATACIÓN**COLLEITA GRUPO**

D. con NIF, na súa condición de presidente desta agrupación de produtores de tabaco, de acordo coa normativa comunitaria e nacional de aplicación e coa resolución de asignación de cota de produción de tabaco deste trienio para a contratación da colleita, que tivo en conta os movementos e/ou a transferencia de cantidades de limiar de garantía entre grupos de variedades autorizados, notificada a esta agrupación de produtores pola Dirección Xeral de Agricultura, ó produtor individual membro da súa agrupación:

D. (ou razón social) e NIF/CIF, con domicilio na r/, nº, poboación, código postal, provincia, a explotación do cal radica no termo municipal de

CERTIFICA:

Que a cota para contratar resultante, se é o caso, dos movementos e/ou transferencia de cantidades de limiar de garantía entre grupos de variedades autorizados, é:

GRUPO	COTA CONTRATACIÓN (kg)

....., de de

O presidente

(sinatura e selo)

ANEXO 3

**SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA DE CANTIDADES DO LIMAR DE GARANTÍA DUN GRUPO DE VARIEDADES
A OUTRO PARA A COLLEITA**

TRANSFERENCIA DO GRUPO:

Ó GRUPO:

Identificación productor Solicitante	Apelidos e nome ou razón social			NIF/CIF	
	Domicilio	Localidade		C.P.	Provincia
	Termo municipal explotación	Termo INE	Provincia INE	CC.AA.	
	Agrupación de produtores a que pertence			CIF	

EXPÓN:

Que recibiu unha resolución de asignación ou certificación de cota de produción do grupo para o trienio
_____/_____, de kg.

SOLICITA:

A transferencia de kg da súa cota do trienio do grupo ó grupo

Achégase a seguinte documentación:

- Productor individual non membro de agrupación:
 - Orixinal da resolución de asignación de cota do grupo de variedades a transferir.
- Agrupación de produtores:
 - Orixinais das resolucións de asignación de cota dos grupos de variedades afectados.
 - Orixinais dos certificados de asignación de cota dos produtores membros que desexan transferir.
 - Relación nominativa alfabética na que se indiquen as cantidades que os seus produtores membros desexan transferir entre determinados grupos de variedades, achegando as solicitudes feitas por estes produtores asinadas polo presidente da agrupación. Presentarase unha solicitude de cada produtor membro por cada cambio de grupo.

En o de de

O presidente da APA

O produtor

Sinatura e selo

Sinatura e selo

**ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE AGRICULTURA
MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN**

ANEXO 4A

SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA E DE UNIFICACIÓN FAMILIAR.

COLLEITA

Identificación Transmitente	Apelidos e nome ou razón social			NIF				
	Domicilio		Localidade		C.P.			
	Termo municipal explotación		Termo INE	Provincia INE	Provincia		CC.AA.	
	Agrupación de produtores a que pertence		Teléfono		CIF			

Identificación Adquirente	Apelidos e nome ou razón social			NIF				
	Domicilio		Localidade		C.P.			
	Termo municipal explotación		Termo INE	Provincia INE	Provincia		CC.AA.	
	Agrupación de produtores a que pertence		Teléfono		CIF			

SOLICITAN:

- T 1 Transferencia por venda de predio
T 2 Transferencia por arrendamento de predio
T 3 Transferencia por herdanza (a) e (b)
T 4 Doazón
T 5 Cambio de titularidade
T 6 Outras modalidades de transferencia
U 1 Unificación das cotas de produtores membros dunha mesma familia que cultivan a mesma explotación
U 2 Desunificación das cotas de produtores membros dunha mesma familia que cultivan a mesma explotación

(Marca-lo movemento que proceda)

Transmitíndose:

CANTIDADE	
Grupo	kg

Da súa cota do trienio que se indica

COTA TRIENIO	
Grupo	kg

Para iso achégase a documentación que se indica no dorso

En o de de

O TRANSMITENTE

O ADQUIRENTE

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE AGRICULTURA
MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

(Dorso 4A)

Achégase a seguinte documentación:

- | | | |
|----|--------------------------|---|
| 1 | <input type="checkbox"/> | Orixinal ou orixinais da resolución ou certificado de asignación de cota do transmitente. (c) |
| 2 | <input type="checkbox"/> | Acreditación fidedigna do transmitente e do adquirente (fotocopia DNI, fotocopia de cota do adquirente en unificacións, etc.) |
| 3 | <input type="checkbox"/> | Acreditación fidedigna de venda de predio. |
| 4 | <input type="checkbox"/> | Acreditación fidedigna de arrendamento de predio |
| 5 | <input type="checkbox"/> | Acreditación fidedigna do acordo de transmisión, total ou parcial, da explotación |
| 6 | <input type="checkbox"/> | Acreditación fidedigna da condición de herdeiro e certificado de defunción do transmitente |
| 7 | <input type="checkbox"/> | Acreditación fidedigna do nexo familiar |
| 8 | <input type="checkbox"/> | Declaración responsable de que se trata da mesma explotación |
| 9 | <input type="checkbox"/> | De se-lo caso, identificación catastral de parcela/s |
| 10 | <input type="checkbox"/> | Outros (especificar) |

NOTAS:

- (a) En caso de transferencia por herdanza, a comunicación será realizada polos herdeiros legais e o orixinal do transmitente será o correspondente ó titular falecido
- (b) No caso de que se solicite máis dun movemento da cota do transmitente ou existan varios adquirentes da cota dun produtor, deberá indicarse en qué expediente consta o orixinal ou orixinais da resolución de asignación ou certificado de cota do transmitente, achegándose no resto dos expedientes fotocopia do orixinal correspondente. Así mesmo, en cada expediente deberá indicarse con qué outros expedientes está asociado e quen son os adquirentes correspondentes, cubrindo o cadro adxunto.

(*)	Nome do transmitente	Tipo movemento cota	Nome adquirente	Cantidade	Grupo

(*) Márquese en qué expediente se encontra o orixinal ou orixinais de cota do transmitente.

ANEXO 4B

SOLICITUDE DE INTERCAMBIO DE COTAS DE TABACO
COLLEITA.....I1 (Entre produtores da mesma APA)
(marca-lo que proceda)I2 (Entre produtores de diferente APA)

Identificación Productor 1	Apelidos e nome ou razón social			NIF	
	Domicilio		Localidade		C.P.
	Termo municipal explotación	Termo INE	Provincia INE	Provincia	CC.AA.
	Agrupación de produtores a que pertence		Teléfono		CIF

Identificación Productor 2	Apelidos e nome ou razón social			NIF	
	Domicilio		Localidade		C.P.
	Termo municipal explotación	Termo INE	Provincia INE	Provincia	CC.AA.
	Agrupación de produtores a que pertence		Teléfono		CIF

SOLICITAN:

En virtude da regulamentación comunitaria e nacional, o intercambio do tipo arriba sinalado entre as cantidades e grupos indicados a seguir, procedentes da súa cota do trienio, cos efectos dunha cesión definitiva de cotas entre produtores.

	Como transmitente de:		Como adquirente de:	
	Grupo	kg de cota trienio	Grupo	kg de cota trienio
PRODUCTOR 1				
PRODUCTOR 2				

As súas cotas do trienio na data da solicitude son:

	Grupo	Cota trienio
PRODUCTOR 1		
PRODUCTOR 2		

Para iso achégase:

- Orixinais das resolucións de asignación de cota dos dous produtores
- Acordo de intercambio de cotas de produción entre produtores

En o de de

ASINADO PRODUCTOR 1

ASINADO PRODUCTOR 2

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE AGRICULTURA
MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

(Dorso 4B)

NOTA:

No caso de que se solicite máis dun movemento da cota do transmitente ou existan varios adquirentes da cota dun produtor, deberá indicarse en qué expediente consta o orixinal ou orixinais das resolución de asignación ou certificado de cota do transmitente, achegándose no resto dos expedientes fotocopia do orixinal correspondente. Así mesmo, en cada expediente deberá indicarse con qué outros expedientes está asociado e quen son os adquirentes correspondentes, cubrindo o cadro adxunto.

(*)	Nome transmitente	Tipo movemento cota	Nome adquirente	Cantidade	Grupo

(*) Márquese en qué expediente se encontra o orixinal ou orixinais de cota do transmitente.

ANEXO 4C
SOLICITUDE DE CESIÓN DE COTAS DE TABACO
COLLEITA.....

CESIÓN TEMPORAL (C1)

CESIÓN DEFINITIVA (C2)

(marca-lo que proceda)

Identificación Productor Cedente	Apelidos e nome ou razón social			NIF				
	Domicilio		Localidade		C.P.			
	Termo municipal explotación		Termo INE	Provincia INE		Provincia		CC.AA.
	Agrupación de produtores a que pertence		Teléfono		CIF			

Identificación Productor Cesionario	Apelidos e nome ou razón social			NIF				
	Domicilio		Localidade		C.P.			
	Termo municipal explotación		Termo INE	Provincia INE		Provincia		CC.AA.
	Agrupación de produtores a que pertence		Teléfono		CIF			

DECLARAN:

Que o certificado de cota do cedente para o grupo de variedades obxecto da cesión non está cuberto aínda por un contrato de cultivo, e no caso da cesión definitiva, a dita cota foi contratada polo cedente nos tres anos anteriores.

Que o beneficiario da cesión dispón xa dunha cota de produción. Cando a cesión de cota sexa parcial, o beneficiario desta debe ter cota de produción para o grupo de variedades obxecto da cesión.

ACORDAN:

Que o cedente CEDE, temporal ou definitivamente, ó cesionario as cantidades de tabaco que se indican.

CESIÓN	
Grupo	kg

da súa cota do trienio que se indica:

COTA TRIENIO	
Grupo	kg

Para iso achégase a documentación que se indica no dorso

En o de de

O CEDENTE

O CESIONARIO

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE AGRICULTURA
MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

(Dorso 4C)

Documentación que se achega:

- Orixinal da resolución de asignación de cota do grupo que se ceda para o trienio ____/____ do cedente (productor individual) ou do certificado de asignación de cota (productor pertencente a unha APA).
- Fotocopia de resolución de asignación de cota do mesmo grupo para o trienio 1 do cesionario (productor individual) ou do certificado de asignación de cota (productor pertencente a unha APA).
- Autorización da cesión por parte da APA á que pertence o cedente (en caso de que o cesionario non sexa membro desa APA).
- Certificación de que a APA do cedente e cesionario foi informada (en caso de que ambos sexan membros da mesma APA).
- No caso de cesións definitivas, proba de que o cedente celebrou contrato durante os tres anos anteriores utilizando as cotas obxecto de cesión.

NOTA:

No caso de que se solicite máis dun movemento da cota do transmitente ou existan varios adquirentes da cota dun produtor, deberá indicarse en qué expediente consta o orixinal ou orixinais da resolución de asignación ou certificado de cota do transmitente, achegándose no resto dos expedientes fotocopia do orixinal correspondente. Así mesmo, en cada expediente deberá indicarse con qué outros expedientes está asociado e quen son os adquirentes correspondentes, cubrindo o cadro adxunto.

(*)	Nome transmitente	Tipo movemento cota	Nome adquirente	Cantidade	Grupo

(*) Márquese en qué expediente se encontra o orixinal ou orixinais de cota do transmitente.

ANEXO 5
SOLICITUDE DE ALTA E DE BAIXA DE COTAS EN AGRUPACIÓNS
COLLEITA

Identificación APA	APA na que se produce a alta ou baixa	Teléfono	CIF

Identificación Productor	Apelidos e nome ou razón social			NIF	
	Domicilio		Localidade		C.P.
	Termo municipal explotación	Termo INE	Provincia INE	Provincia	CC.AA.
	Agrupación de produtores de procedencia	Teléfono		CIF	

SOLICITAN:

- A Alta de cotas nunha agrupación ou entidade asociativa
 B Baixa de cotas nunha agrupación ou entidade asociativa
 (Marca-lo movemento que proceda)

Cota total do trienio do produtor, obxecto do movemento (A ou B)

Grupo de variedades	Cota trienio (kg)

Achégase a seguinte documentación:

- Orixinal de resolución ou de certificado de asignación de cota do produtor individual.
- En caso de alta de cota, acreditación fidedigna da pertenza do solicitante á entidade ou asociación á que se incorpora a cota e conformidade da APA.
- En caso de baixa de cota, acreditación fidedigna do acordo entre as partes sobre a cota e entregas correspondentes das catro últimas colleitas, e conformidade da APA.

En o de..... de

O PRESIDENTE DA APA

O PRODUCTOR

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE AGRICULTURA
MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

ANEXO 6

**SOLICITUDE DE INCORPORACIÓN Ó PROGRAMA DE READQUISICIÓN DE COTAS DO FEOGA-GARANTÍA
CAMPAÑA**

Identificación Solicitante	Apelidos e nome ou razón social			NIF	
	Domicilio	Localidade		C.P.	
	Termo municipal explotación	Termo INE	Provincia INE	Provincia	CC.AA.
	Agrupación de produtores a que pertence ou representa	Teléfono		CIF	

MANIFESTA:

1. O ofrecemento ó programa de readquisición de cotas das cantidades seguintes:

READQUISICIÓN	
Grupo	kg

2. Que as devanditas cantidades foron contratadas os tres últimos anos, segundo se acredita coa documentación que se achega.
3. Que as cantidades ofrecidas non proceden da reserva nacional.

SOLICITA:

A incorporación ó programa de readquisición de cotas, para as cantidades antes indicadas, de conformidade coa normativa comunitaria e nacional de aplicación.

En o de de

O PRODUCTOR

POLA AGRUPACIÓN DE PRODUCTORES